



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DA AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA

Procedemento: Provisión mediante a contratación obra ou servizo de duración determinada, de dous/úas técnicos/as especialistas baixo a modalidade contractual de proxectos de investigación científica e técnica para o desenvolvemento de actuacións de I+D+i dirixidas á produción de resinas naturais procedentes de coníferas e á avaliación do comportamento dos lumes forestais para o desenvolvemento dos obxectivos do plan de innovación e mellora forestal de Galicia 2010-2020

No día DOG núm. 45 do 6 de marzo de 2020 publicouse o proceso de selección de persoal para a contratación de dous/úas técnicos/as especialistas baixo a modalidade contractual de proxectos de investigación científica e técnica para o desenvolvemento de actuacións de I+D+i dirixidas á produción de resinas naturais procedentes de coníferas e á avaliación do comportamento dos lumes forestais para o desenvolvemento dos obxectivos do plan de innovación e mellora forestal de Galicia 2010-2020, e en cumprimento da base Décimo quinta.- Resolución da convocatoria, e da proposta do 3 de decembro de 2020 da Comisión de Selección.

O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria é competente para resolver o expediente segundo o Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Agacal, DOG núm. 130, do 30 de maio de 2018, e se aproban os seus estatutos e a Resolución do 5 de setembro de 2012, DOG núm. 178 do 18 de setembro de 2012, de delegación de competencias na persoa titular da dirección da Agacal.

Segundo a base Décimo quinta.- Resolución da convocatoria, e da proposta do 3 de decembro de 2020 da Comisión de Selección,





RESOLVO

Que se contrate mediante a modalidade contractual por obra ou servizo de duración determinada para o desenvolvemento de proxectos específicos de investigación científica e técnica a:

Praza I: Esteban Gómez García

Praza II: Enrique Jiménez Carmona

Contra a resolución da convocatoria, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Dirección da Agacal, nos termos do artigo 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de Outubro, de procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución do proceso selectivo, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte a aquel no que se entenda desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Santiago de Compostela,

José Luis Cabarcos Corral

Director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria

